

Sr. D. Alberto Núñez Feijóo  
Presidente da Xunta de Galicia  
San Caetano, s/n  
Santiago de Compostela

**Asunto.- Solicitud en relación ás restricións de mobilidade derivadas da problemática de saúde pública ocasionada polo COVID-19**

Por medio do presente quéreselle trasladar a preocupación existente no Concello de Ribadeo diante da afección negativa que as actuais restricións de mobilidade por mor da problemática de saúde pública derivada do COVID-19 lle están a ocasionar tanto ao noso municipio como ao Occidente Asturiano. Falamos de territorios cun estreito vencello humano, familiar, emocional, económico, lingüístico, etc. que a día de hoxe quedaron totalmente illados. Sinalarlle que paralelamente se lle remite escrito nos mesmos termos ao Presidente do Principado de Asturias, Adrián Barbón Rodríguez, como parte implicada neste asunto, do mesmo xeito que o pasado 19 de maio de 2020 xa lle foron trasladados estes feitos á Subdelegada do Goberno en Lugo, María Isabel Rodríguez López.

Ribadeo é unha vila que vive principalmente do sector terciario, dentro do cal cobra vital importancia a hostalaría e o comercio. Neste ámbito económico era significativo o número de veciños e veciñas dos concellos próximos pertencentes tanto á Mariña Luguesa como en igual medida ao Occidente Asturiano, que se desprazaban a diario até o noso concello coa fin de mercar ou tomar algo nos negocios locais, sendo este, como se indicou, o principal motor do desenvolvemento local ribadense. Por suposto, non se pode esquecer o importante número de ribadenses que de xeito ordinario fan uso do comercio asturiano no seu día a día.

Por mor da problemática de saúde pública ocasionada polo COVID-19, dende o comezo do estado de alarma en marzo de 2020, pódese dicir que a economía local no municipio de Ribadeo paralizouse totalmente, de igual xeito por suposto que no resto do Estado. Dende logo, é indubidable que o impacto económico ocasionado por esta crise sanitaria é incalculable a día de hoxe e todos debemos arrimar o ombreiro para pouco a pouco, na medida do posible, ir retornando á nova normalidade que nos vai tocar vivir.

Neste proceso de desescalada no que nos atopamos inmersos actualmente, dende o Goberno do Estado véñense tomando medidas que, coas debidas precaucións sanitarias, buscan ir reactivando a nosa economía. Dentro das referidas precaucións que están vixentes a día de hoxe encontrámonos coa prohibición, agás moi contadas excepcións, de realizar desprazamentos entre diferentes provincias, o que no caso concreto de Ribadeo supón unha traba insostible para a reactivación da nosa economía, pois o “peche” da nosa fronteira



administrativa co Occidente de Asturias impide que unha parte moi importante da poboación consumidora da nosa vila teña acceso ao municipio e viceversa.

Á vista de que no BOE Núm. 144, de hoxe venres 22 de maio de 2020, publícase Orde SND/427/2020 do Ministerio de Sanidade na que se flexibilizan certas restricións derivadas da emerxencia sanitaria provocada polo COVID-19 a pequenos municipios. Concretamente no artigo 9.2 ábrese a posibilidade de que dende as Comunidades Autónomas de Galicia e Asturias, conxuntamente, se lle solicite ao Ministerio de Sanidade abrir con carácter excepcional a fronteira entre os veciños do Ribadeo e do Occidente Asturiano para poñer fin a esta problemática que se lle traslada.

En base ao anteriormente exposto, **solicítaselle que, conxuntamente co Presidente do Principado de Asturias, formule unha petición dirixida ao Ministerio de Sanidade para que na vindeira semana que entra esta necesidade poda ser unha realidade e, deste xeito, a mobilidade entre o Concello de Ribadeo e os respectivos Concellos do Occidente Asturiano sexa permitida, en base ao artigo 9.2 da Orde SND/427/2020 do Ministerio de Sanidade (BOE Núm. 144, do venres 22 de maio de 2020).**

Cómpre destacar que, por sorte dentro da gravidade desta situación, tanto a Provincia de Lugo como a Comunidade Autónoma Uniprovincial de Asturias non foron dos territorios estatais máis afectados polo COVID-19, atopándose ambos os dous lugares dentro da mesma Fase 1 de desescalada, e pasando o vindeiro luns á Fase 2, polo tanto cunha situación moi semellante a día de hoxe.

**Agardando tomen de inmediato en consideración os argumentos que se relatan, sabendo que ao propoñelos, estámolo a facer coa cabeza e co corazón, e co compromiso a partes iguais de protección contra a pandemia que sufrimos e de reactivación ponderada da nosa economía local e comarcal, así como ao restablecemento dos lazos afectivos, familiares e emocionais entre unha poboación separada por una raia administrativa ao tempo que unida pola historia e pola relación continuada a través da mesma.**

**Reciba coma sempre, un cordial e leal saúdo.**

En Ribadeo, a data de sinatura electrónica.

O Alcalde,

Fernando Suárez Barcia

**(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)**

